



Ferrol, 18 de xuño de 2024

Estimados responsables:

Nestes derradeiros días lectivos as actividades docentes desenvolveranse en torno ao desenvolvemento das últimas clases, á realización de exames e á celebración de actividades complementarias.

O mércores 26 o alumnado recibirá as cualificacións correspondentes á avaliación final na ESO e extraordinaria en 1º de BAC. Os días 26 e 27 de xuño ata as **14.00 horas** poderán presentarse as reclamación ás cualificacións ante o Centro.

O período de matriculación para o curso 2024/25 comezará o día 28 en horario de 09.00 a 14.00 horas (ver datas para cada nivel)

En nome do Claustro de profesores, o persoal non docente e o equipo de dirección, aproveito a ocasión para remitirllle un saúdo cordial e agradecer a súa colaboración.

Victoria Piñeiro Carregado
Directora



DATAS DE INTERESE			
Venres 21 de xuño	Fin de curso lectivo. O alumnado que ten un ordenador do programa E-dixgal ou de empréstito e marcha do Centro deberá entregalo nesta data. O horario para realizar dita entrega estará nas aulas de 4º ESO e no taboleiro da entrada.		
Mércores 26 de xuño	Entrega de boletíns e informes nas aulas indicadas (taboleiro). Ás 10.00 horas: 1º BAC / ás 10.30: 3º e 4º ESO / ás 11.00: 1º e 2º ESO O alumnado de 4º ESO que non devolvera o ordenador, deberá facelo ese día como data límite.		
Luns 17 e martes 18 de xuño ata as 14.00 horas.	Reclamacións: Avaliación Extraordinaria de 2º BAC		
25 e 26/6 ata as 14.00 h. 26 e 27/6 ata as 14.00 h.	Avaliación Final de Ciclo. Avaliación Extraordinaria de 1º BAC e Ordinaria da ESO no Centro.		
Matriculación ordinaria do 28 de xuño ao 5 de xullo.	28 de xuño: 2º ESO 1 de xullo: 3º ESO	2 de xullo: 4º ESO 3 de xullo: 1º ESO	4 de xullo: 1º BAC 5 de xullo: 2º BAC

Lembrarlles que o prazo para solicitar as axudas para adquirir material escolar remata o 21 de xuño. (Orde do 10 de maio de 2023, DOG do 19 de maio)

Informar tamén que o Centro ten Libro Dixital para 1º, 2º, 3º e 4º de ESO.